

REUNIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2016

A 16ª reunión do Consello Económico do MMO tivo lugar o 28 de xuño de 2016, coa participación de expertos das distintas etapas da cadea de subministración de leite: CEJA (Agricultores mozos), COPA-COGECA (Produtores e cooperativas), ECVC (Vía Campesíña), EDA (industria de produtos lácteos), Eucolait (Comercio de produtos lácteos) e Eurocommerce (polo miúdo). O EMB (Consello Europeo de Produtos Lácteos) non estivo presente. As presentacións da DG AGRI e información compartida durante a reunión mostraron o seguinte:

- A recollida de leite da UE creceu 5,6% nos primeiros catro meses de 2016. As entregas de leite foron 1,6% maiores en abril de 2016 (= + 220 000 t). Países Baixos, Italia, Alemaña e Polonia rexistraron o maior crecemento en termos de volume. Estas cifras refírense a recollida de leite, é dicir, leite recollido polas centrais leiteiras e declarado por estas últimas ás súas autoridades nacionais, con independencia de se o leite vén de produtores localizados no mesmo Estado Membro ou noutro.
- Os prezos medios do leite ao produtor aproximáronse a 27,3 c / kg en abril, o que supón unha diminución do 19% en comparación coa media de 5 anos. Unha redución aínda maior se espera para maio. Os expertos non esperan unha mellora dos prezos do leite antes de setembro de 2016.
- As solicitudes de axuda ao almacenamento privado alcanzaron as 102.000 t de manteiga, 28.200 t de LDP ata agora en 2016 e 48.000 toneladas de queixo na 2ª volta. En relación ás ofertas de venda de LDP en réxime de intervención pública, compráronse 296.500 t en 2016 (tanto a prezo fixo como por poxa). A compra a prezo fixo, no marco do aumento do límite máximo ata 350 000 t, retomárase o 30 de xuño.
- Os prezos dos produtos lácteos en xeral melloraron desde maio, sobre todo a manteiga e LEP, aínda que son máis baixos que no inicio do ano (excepto para soro en po). Os prezos do LDP seguen oscilando arredor do nivel de intervención, aínda que cunha tendencia lixeiramente ascendente. A evolución da taxa de cambio compensou parcialmente esta variación ao mostrar os prezos da UE en US \$. A pesar deste efecto, as cotizacións mundiais dos produtos lácteos xeralmente aumentaron nas principais rexións exportadoras.

- A Comisión presentou as cifras finais a incluír nas Previsións de Verán a Curto Prazo. Valoracións en termos de sacrificios de vacas, patróns climáticos e evolución recente da produción de leite resaltando a proxección dunha produción de leite inferior no segundo semestre de 2016, cun aumento global de 1,4% das entregas no ano.
- A avaliación dos niveis de stock da UE en base nunha valoración residual (produción + importacións - consumo - exportacións) confirmou unha situación saudable do almacenamento privado de LDP, xa que a intervención pública absorbeu os excedentes de produción. Espérase que as ofertas para intervención pública diminúan nas semanas seguintes, en liña coa recuperación do mercado. As existencias de manteiga considéranse normais, dada a forte demanda (tanto interna como global). Un relativamente baixo aumento da produción de queixo permitiu o mantemento de stocks de queixo a un nivel bastante razoable
- A nivel mundial, a produción de leite aumentou preto de 3% en xaneiro-abril de 2016. As perspectivas da FAO para 2016 prevén un crecemento da produción mundial de leite de 1,6%. A produción estadounidense aumentou en abril (+ 1,2%) impulsada pola maior produtividade por vaca e expansión do rabaño leiteiro. A previsión do USDA para 2016 é de + 1,9%. Nova Zelandia e Australia van acabar os seus período produtivos con números negativos e espéranse novas reducións para a próxima campaña (entre o - 2% a -5%). As exportacións da UE foron fortes en abril, con China como o principal mercado, tanto en volume como en valor. Só as exportacións de LDP diminuíron, debido a unha desaceleración global para este produto e o efecto da intervención pública. A demanda global permanece saudable, con excepción dalgúns países produtores de petróleo.
- En relación ás vendas polo miúdo da UE, registrouse unha diminución do consumo de leite líquido en Francia, España, Portugal e Reino Unido, e unha estabilización en Suecia. A tendencia é máis positiva para os produtos frescos con valor engadido. Rexistrouse unha demanda de produtos orgánicos moi dinámica en Francia, con crecemento de dous díxitos para moitos produtos lácteos.
- A Comisión presentou a evolución dos custos de produción de leite, marxes e beneficio, con base no informe de FADN 2015 (Rede de Datos Contables de Explotación). As marxes brutas terían mellorado en 2013 e 2014 debido á evolución do prezo do leite e dos custos de alimentación. A renda agraria é substancialmente máis elevada na UE-15 que na UE-N13, cos pagos directos representando o 40% en ambos casos.
- A pesar da mellora global nas sensacións do mercado, considérase aínda necesaria unha corrección do lado da oferta.

A Coruña, 29 de xuño 2016

Traducido do inglés por "Terra e Leite"